



ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE MÚSICA

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria seguindo o criterio sinalado na programación: O valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria será a media matemática das tres avaliacións, tendo en conta que con dúas avaliacións aprobadas o alumno aprobará a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.
- O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa mediante os seguintes instrumentos de avaliación: Un 50 % da nota de recuperación será a través dunha proba de avaliación final escrita no mes de xuño baseada nos contidos impartidos ó longo de todo o curso. Outro 30 % terá que ver coa parte práctica. Se o alumno tivera aprobada esta parte na 3ª avaliación, manteríase a nota da práctica para este 30 % De non ser así, o alumnado coa parte práctica suspensa deberá pasar unha proba práctica sobre aqueles contidos traballados a este nivel durante o 3º trimestre. O 20 % restante da nota de recuperación será a media das fichas escritas e actividades de recuperación realizadas durante o mes de xuño con tal propósito. Estas actividades serán obrigatorias para o alumnado coa materia suspensa.
- O alumnado con cualificación igual a 5 ou superior poderá mellorar a media final da avaliación extraordinaria con tarefas e actividades voluntarias propostas pola profesora que imparta clase no seu curso. Estas actividades poderán supoñer ata 0,5 puntos máis na súa media numérica final.